



## Concello de Mugar dos

**Unidade Xestora:** 002.000 Secretaría

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Código de Clasificación:** 2.03.02

**Expediente:** 763/2023

**Trámite:** Decreto

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

**Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior**

**José Miguel Mahía Prados**

**(Delegación da Alcaldía: R.A. 2023-0615 de 26.06.2023)**

**Asunto: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2023 (1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUCTOR, 3 PEÓNS)**

Visto o expediente que se tramita para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contraincendios forestais do Concello de Mugar dos 2023 (ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Mugar dos, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020), mediante o sistema de concurso-oposición libre, sendo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 123, de data 29.06.2023.

Vista a primeira addenda ao Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugar dos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2023 – 2024 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 na que se modifica, entre outras, a cláusula oitava punto 1do convenio mencionado, na que se indica que cada brigada deberá estar composta por: 1 xefe/a de brigada, unha persoa coa categoría de peón condutor e dúas ou tres persoas coa categoría peón de brigada, segundo se constituía unha brigada de 4 ou 5 membros

Visto o resultado do primeiro exercicio do proceso selectivo realizado o día 1 de agosto de 2023 no que só superou a proba un candidato, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria efectuada para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugar dos 2023, dado que tan só un aspirante superou o primeiro exercicio do proceso selectivo, e en consecuencia non sendo posible compoñer a brigada segundo establece a primeira addenda ao Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugar dos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2023 – 2024.





## Concello de Mugardos

---

Segundo:- Proceder á publicación no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, así como de xeito complementario no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia .

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior

O Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior

José Miguel Mahía Prados

Para os efectos da fe pública

A secretaria

Paula E. Ramos Díaz

